


# Un paseo pola Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal



**1 MÚSICA:** nesta sección podes atopar gravacións sonoras e tamén documentos relativos á música.

<b>FRP</b> Pop Rock	<b>FCL</b> Música Clásica
<b>FJB</b> Jazz e blues	<b>FMU</b> Músicas do mundo
<b>FBS</b> Bandas sonoras	<b>78</b> Libros sobre música

**2 AUDIOVISUAIS:** películas e DVD's temáticos clasificados segundo a CDU (0-9). Tamén podes atopar libros sobre cine, coa signatura **791**. As películas clasifícanse en xéneros, como por exemplo:

<b>DRA</b> Drama	<b>ROM</b> Romántico
<b>SUS</b> Suspense	<b>ACC</b> Acción
<b>COM</b> Comedia	<b>A</b> Audiovisual temático

**3 LITERATURA:** obras literarias destinadas a adultos:

<b>N</b> Narrativa	<b>NC</b> Ciencia Ficción
<b>P</b> Poesía	<b>NT</b> Novela de terror
<b>T</b> Teatro	<b>NR</b> Romántica
<b>X</b> Outros xéneros	<b>NF</b> Fantástica
<b>NI</b> Intriga e misterio	<b>NH</b> Novela histórica

**4 AUTORES COMPOSTELÁNS**

**5 VIAXES:** guías turísticas de todo o mundo, descrición de viaxes, mapas e planos.

<b>908</b> Guías	<b>MP</b> Mapas
------------------	-----------------

**6 LINGUAS:** gramáticas, dicionarios, obras literarias e métodos de estudo en idiomas estranxeiros. Exemplo:

<b>80-81</b> Lingüística e linguas en xeral	
<b>INN</b> Novela en inglés	<b>FRT</b> Teatro en francés
<b>INP</b> Poesía en inglés	<b>ITP</b> Poesía en italiano

**7 MOZOS:** obras de temática axeitada para os adultos máis novos (15 a 18 anos). A signatura empeza por **M**.

**8 RECURSOS ELECTRÓNICOS:** cd-rom ou dvd-rom: enciclopedias, xogos, manuais de historia, etc. Signatura **RE**.

**9 COLECCIÓN ACCESIBLE:** libros de lectura fácil, libros en braille, lectura para invidentes, audiolibros, etc. A signatura empeza por **CA**.

**0 BIOGRAFÍAS:** levan un **B** diante e están ordenadas polo apelido do biografado. As biografías colectivas empezan por **BC**.



**1 Libros informativos**

Neste andar están os documentos de non ficción clasificados pola CDU, un sistema de clasificación decimal que aglutina todo o coñecemento en 9 números.

- 0** Xeneralidades
- 1** Filosofía e psicoloxía
- 2** Relixión
- 3** Ciencias sociais
- 5** Ciencias puras
- 6** Ciencias aplicadas
- 7** Arte, xogos, deportes, ocio
- 8** Lingua e literatura (no 2º andar)
- 9** Xeografía e historia

Os libros informativos están ordenados do **0** ao **9** consecutivamente nas estanterías, agás o número **7e** as enciclopedias que están distribuídos ao longo das paredes deste andar.

**2 Buscas personalizadas**

Podes pedir que che fagan unha busca bibliográfica da sección ou tema que máis che interese. Tamén podes solicitar que che fagan buscas de lexislación en bases de datos especializadas.

**3 Salas de traballo en grupo**

Espazo onde se realizan diferentes actividades: cursos, clubs de lectura, etc. Podes reservalo para o teu uso.

**4º ANDAR**

No cuarto andar está a dirección e a administración da biblioteca.

**E se o que queres é visitarnos a distancia...**

estamos accesibles tamén desde o web:

<http://rbgalicia.xunta.es/santiago> onde podes facer varias xestións: solicitar o carné da biblioteca, solicitar préstamo interbibliotecario, consultar a axenda cultural, renovar préstamos, facer suxestións de compra, facer comentarios e suxestións sobre a biblioteca, etc.



Avda. Xoán XXIII, s/nº

15704 Santiago de Compostela

Tlf. 881 999 401 Fax 881 999 414


[biblio.publica.santiago@xunta.gal](mailto:biblio.publica.santiago@xunta.gal)

<https://www.facebook.com/bpsanxelcasal>

<https://twitter.com/bpsanxelcasal>

<https://bibliotecas.xunta.gal/santiago>

A biblioteca consta de 5 andares. Cada andar está formado por documentos de diferentes tipoloxías e formatos.



4º andar  
3º andar  
2º andar  
1º andar  
Baixo

### Como se busca algo nesta biblioteca?

Para localizar un documento introduce algún dato que coñezas do documento no catálogo en liña accesible desde o web: <http://rbgalicia.xunta.es/santiago>. A información da localización está na pestana "Exemplar". Fíxate no andar e na signatura que é o que che servirá para atopar o documento na estantería.


A **SIGNATURA** é un código que leva o documento pegado ó lombo e consta polo xeral de 3 liñas. Proporciona información sobre o documento e a súa localización na biblioteca.

<b>575</b>	Número da CDU (Xenética e evolución)
<b>DAR</b>	Apelido do autor
<b>ori</b>	3 primeiras letras do título

<b>BDG</b>	Banda deseñada galega
<b>PIN</b>	Apelido do autor
<b>com</b>	3 primeiras letras do título

<b>I-CC</b>	Libro infantil (Contos para contar)
<b>ARC</b>	Apelido do autor
<b>got</b>	3 primeiras letras do título

- As obras en galego de todos os andares levan un G diante da signatura e/ou unha etiqueta cun G na parte superior do lombo do libro.
- Algúns documentos levan un punto vermello que indica que non se presta a domicilio e a consulta ten que facerse sempre dentro da biblioteca.



### Andar BAIXO

**1** **INFORMACIÓN XERAL:** mostrador no que se atenden consultas xerais sobre o funcionamento da biblioteca, consultas bibliográficas sinxelas e realízase o préstamo de materiais.

**2** **HEMEROTECA:** nesta sección podes atopar:

- Prensa diaria galega, nacional e internacional
- Revistas especializadas en diferentes temáticas (cine, deportes, música, divulgación científica, arquitectura, fotografía, educación, literatura...)
- Hemeroteca dixital: ordenador con acceso a xornais en PDF de tirada galega e nacional, a boletíns e diarios oficiais e á bases de datos Iconoce, un servizo de novas aparecidas en medios dixitais de todo o mundo.


**3** **BEDETECA:** colección de banda deseñada de diferente procedencia:

<b>BDE</b>	Banda deseñada europea
<b>BDA</b>	Banda deseñada americana
<b>BDG</b>	Banda deseñada galega
<b>BDM</b>	Manga
<b>BDP</b>	Publicacións sobre banda deseñada

Os materiais desta sección levan ademais unha etiqueta de xénero (humor, vida cotiá, ciencia ficción, historia...) na parte superior do lombo.

**4** **FONDO LOCAL:** reúne toda a información que ten a biblioteca sobre Santiago de Compostela e o Camiño de Santiago. Está formada por todo tipo de materiais: revistas, libros, mapas, películas, música...As signaturas destes materiais empezan por **FL**.

**5** **ZONA DE INTERNET:** espazo con ordenadores onde se pode acceder gratuitamente a Internet (90 minutos ao día).



### 1º Andar - INFANTIL

A sección infantil está organizada por idades e por cores. Todas as signaturas levan un I- diante, agás **CA**.

azul	-	de 0 a 5 anos
vermello	-	de 6 a 8 anos
verde	-	de 9 a 11 anos
amarelo	-	de 12 a 14 anos

**1** **NARRATIVA azul:** agrupada en centros temáticos:

<b>I-CC</b> Contos para contar	<b>I-LS</b> Libros con sorpresa
<b>I-MR</b> O mundo que me rodea	<b>I-PL</b> Primeiras lecturas
<b>I-LV</b> Libros para ver	<b>I-LM</b> Libros con música

**I-Xogos**

**2** **BEBETECA:** recuncho especial para as mais pequenas e os máis pequenos (0-3 anos). Signatura **I-BB**.

**3** **RECUNCHO DE PAIS E NAIS:** apartado para os papás e as mamás con libros sobre educación infantil e outros temas parecidos. Signatura **I-RP**.

**4** **NARRATIVA amarelo/verde/ vermello:** ordenada por autor ou colección. Cada libro leva un rótulo co xénero ó que pertence, aventuras (**AV**), ciencia ficción (**CF**), fantasía (**FT**), humor (**HU**), misterio (**MI**), poesía (**P**), teatro (**T**), etc.

**ÁLBUMES ILUSTRADOS:** Libros nos que predominan as ilustracións combinadas con texto no que se trata de todo tipo de temas. Ordenados por autor.

**5** **LIBROS INFORMATIVOS:** libros clasificados polo número da CDU (0-9) coma no 3º andar. Hai unha sección en vermello coa clasificación abreviada. A continuación o apartado de Biografías con signatura **I-B**.

**6** **RECURSOS ELECTRÓNICOS:** enciclopedias, programas, manuais, videoxogos, etc. Signatura **I-RE**.

**7** **AUDIOVISUAIS**

<b>I-A</b> Documentais	<b>I-A-CINE</b> Películas
<b>I-A-TV</b> Series de tv	<b>I-A-MR</b> Series de tv (azul)

**8** **MÚSICA e AUDIOLIBROS**

<b>I-FIN</b> Música infantil	<b>I-FRP</b> Pop rock
<b>I-FCL</b> Música clásica	<b>I-FMU</b> Músicas do mundo
<b>I-FBS</b> Bandas sonoras	<b>I-FAT</b> Audiolibros

**9** **COLECCIÓN ACCESIBLE:** dirixida a colectivos que precisan dunha atención diferenciada. Signatura **CA-I**.

**10** **REVISTAS INFANTÍS**  
**DOCUMENTOS EN IDIOMAS ESTRANXEIROS**